

**CULTURA**

■ O propietario, Javier Baltar, negábase a isto

## Patrimonio pode entrar na casa de Castelao para comprobar o seu estado

A Consellería de Cultura, a través do seu departamento de Patrimonio, poderá entrar na casa de Castelao na vila coruñesa de Rianxo para “comprobar o estado actual do interior do inmovible e das súas pretenzas”. Así o anunciaba onte o gabinete de Ánxela Bugallo despois de que un auto xudicial do xultado número 1 de Santiago, autorizase os funcionarios de Patrimonio para entrar “en horas hábiles” na casa que pertenceu ao artista e político Daniel Rodríguez Castelao.

Nese caso, procederase a comprobar o estado do interior do inmovible así como a “efectuar unha reportaxe fotográfica para os efectos de completar a documentación necesaria no expediente de declaración de ben de interese cultural”.

Cultura comezou os traballos para declarar o inmovible como Ben de Interese Cultural (BIC) na categoría de “sitio histórico” en xullo de 2006. Pero atopouse coa negativa reiterada do seu propietario, Javier Baltar, para permitir o acceso dos técnicos de Cultura á casa. Foi por iso que a Xunta decidiu reclamar por vía xudicial este acceso, que foi confirmado o pasado día 17 de novembro polo Contencioso de Compostela. Logo, Patrimonio requiriu oficialmente o propietario para que se puxera en contacto coa Dirección Xeral para concretar os detalles da visita dos dous técnicos, pero por agora o propietario non se dirixiu a Patrimonio con ese fin. ● MARÉ